

ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 8 E 30 DE AGOSTO DE 2016. Polo Sr. Presidente pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

A Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, indicou que existía un erro na intervención súa recollida no folio 68, derradeira liña do primeiro parágrafo, correspondente á acta da sesión do 8 de agosto de 2016, xa que a porcentaxe citada por ela, era o 80% e non o 30%.

O Sr. Secretario sinalou que se procedía a corrixir o dato apuntado pola Sra. Rodríguez Búa.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas**, coa rectificación sinalada anteriormente, na da sesión do 8 de agosto de 2016 .-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O LEVANTAMENTO DA SUSPENSIÓN ADOPTADA POLO PLENO MUNICIPAL, O 18 DE FEBREIRO DE 2016, RESPECTO DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DOS TERREOS PERTENCENTES A PARTICULARES, INCLUIDOS NO ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS DA ZONA E69B DO PXOM DE SANXENXO, EN O REVEL-VILALONGA, EN RELACIÓN COAS FINCAS Nº 3 E Nº 4 DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN E A CONTINUACIÓN DA TRAMITACIÓN DO DEVANDITO EXPEDIENTE RESPECTO DO 19,2423% PROPIEDAD DE D. CESAR AUGUSTO VELÓN DE FRANCISCO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Urbanismo do 22 de setembro de 2016 sobre esta proposta.

A Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, anunciou que votarían a favor e preguntou se o goberno municipal ía aclarar algo.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, especificou que votaría a favor da proposta.

A Sra. Deza Martínez explicou que, aínda que votaron no seu día a favor da suspensión, entenden que debían incorporarse as fincas á expropiación para mellor garantía de esta e que, cando se considerou o convenio nulo, foi en base a informes, engadindo a interveniente que sendo unha prioridade o colexio, non comprendía que, estando a expensas dun contencioso, se levante a suspensión sen saber o que vai pasar co convenio. A concelleira no uso da palabra destacou o grande esforzo do goberno anterior con este expediente que, en ningún momento estivo parado, manifestando, respecto da ratificación do convenio, que non se pode pensar que agora se pode desenvolver o solo igual que antes, xa que é imposible.

O Sr. Fernández Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, aludiu a que unha cousa era o convenio en se e outra a súa elevación a público, que ratificaron todos menos un e a que por suposto que cambiaron as circunstancias, polo que terán que negociarse as condicións do desenvolvemento e indicou que dicir que o convenio non era válido, supoñía devolver mais de 300.000 €, á parte do tema da propiedade dos terreos.

A Sra. Deza Martínez dixo que nos informes se dicía claro que o convenio era nulo, aínda que unha cousa distinta da súa validez era a cuestión de se se podía asinar un novo convenio, entendendo que o non

firmado no seu día, non se podía ratificar varios anos mais tarde. A concelleira interviniente expresou que todos desexan que o convenio se declare válido para que non se teña que devolver o diñeiro e se poidan poñer os terreos a disposición da Xunta para construír o colexio, pero que en ningún caso foi caprichosa, senón baseada en informes, a inclusión das fincas na expropiación.

O **Sr. Fernández Piñeiro** manifestou que tamén as decisións que tomaron se basearon en informes.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que, se se creía que o convenio era nulo, había que consideralo así a todos os efectos e devolver os 306.000 €, pero non se fixo así e se se incluíron as parcelas na expropiación, rematando para dicir que o non foi caprichoso foi paralizar os expediente respecto destas parcelas.

O **Sr. Alcalde** destacou que o importante era seguir avanzando e que este asunto había que rematalo dunha vez, aclarando que todos menos un ratificaron o convenio, polo que agora procedía levantar a suspensión e rematar o expediente para poñer os terreos a disposición da Xunta, para que esta contemple nos seus presupostos a construción do colexio.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Confirmada a titularidade do 80,7577% das fincas nº 3 e 4 do Proxecto de Expropiación, trala súa adquisición mediante cesión formalizada o día 20 de maio de 2016, **Acordar o levantamento da suspensión adoptada polo Pleno municipal na data do 18 de febreiro de 2016, respecto da tramitación do expediente expropiatorio** dos terreos pertencentes a particulares, incluídos no ámbito do **Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións da zona E69B do PXOM de Sanxenxo en O Revel-Vilalonga, en relación coas fincas nº 3 e 4 do Proxecto de expropiación e a continuación da tramitación do devandito expediente respecto do 19,2423 %, propiedade de D. César Augusto Rafael Velón de Francisco, procedendo polo órgano municipal competente ao levantamento da oportuna Acta de Ocupación e Pagamento** consonte aos trámites pertinentes.”-----

3º) PROPOSTA DA ALCALDIA PARA INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO FRONTE AO REXEITAMENTO PRESUNTO DO REQUIRIMIENTO, FORMULADO POLO CONCELLO DE SANXENXO, DE ANULACIÓN DA RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE DATA 09 DE XUÑO DE 2016, RECAÍDA NO PROCEDIMENTO DE DESLINDE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE O GROVE E SANXENXO (EXPEDIENTE DT-2015-02). O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2016** sobre esta proposta.

O **Sr. Alcalde** explicou que se necesita interpoñer recurso contencioso-administrativo en defensa da postura municipal neste asunto e evitar o rexeitamento realizado pola Xunta de Galicia.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“**Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o rexeitamento presunto do requirimento, formulado polo Concello de Sanxenxo, de anulación da Resolución do Director Xeral de Administración Local de data de 9 de xuño de 2016, ditada no seo do expediente DT-2015-02, pola que se acordou non tramitar o procedemento de deslinde entre os termos municipais de O Grove e Sanxenxo.**”-----

4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RATIFICACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DE ESCOLAS INFANTÍS DE 0-3 ANOS. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2016 sobre esta proposta.

A Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, logo de manifestar que ían votar a favor da proposta, destacou que se recuperaban liñas de axudas para mellorar este tipo de servizos e que lle chamou a atención que non se pedise o 100 % da axuda posible.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, reiterou o dito pola anterior interveniente respecto da contía da axuda e mostrouse contento de que se subvencionen estes temas sociais.

A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que este ano era a primeira vez que se presentaba esta subvención, polo que non había unha partida destinada a esa finalidade, téndose que facer toda a tramitación en poucos días, sen que dese tempo a traer este tema a pleno, tal e como dicía a orde reguladora, polo que se puxeron en contacto coa administración autonómica e comentáronlles que chegaba cunha ratificación plenaria posterior. Polo que respecta ao importe da solicitude, aludiu a que se colleu o orzamento mais favorable ao concello, tendo en conta ademais que polos parámetros de outorgamento, o 100% non se ía conseguir, engadindo que falou coa Xunta de Galicia e indicáronlle que, aínda que se houbera pedido mais cantidade, non sería posible obter a axuda máxima.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Ratificar a solicitude de subvención que se transcribe literalmente a continuación:

ÓRGANO CONCEDENTE: Consellería de Política Social

CONVOCATORIA: *Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais e se convocan para o ano 2016 (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020) publicada no DOG. Núm. 140 do 26 de xullo de 2016*

OBXECTO: adecuación e mellora das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) que sexan titularidade das corporacións locais, a través da realización das obras menores e da compra do equipamento precisos, na consideración de que a calidade das infraestruturas e do mobiliario e recursos educativos utilizados son un factor básico de impulso da calidade da atención prestada.

ENTIDADES BENEFICIARIAS: Poderán optar a estas axudas as corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nun dos supostos seguintes:

- a) Ter en funcionamento unha escola infantil 0-3 ou un punto de atención á infancia da súa titularidade.
- b) Ter unha escola infantil 0-3 ou un punto de atención á infancia da súa titularidade que unicamente dependa da dotación de equipamento para ser posto en marcha no curso 2016/17.

A entidade beneficiaria non poderá ter recibido axudas financiadas con fondos estruturais e de investimento europeos (EIE) 2007-2013 para o mesmo concepto de gasto. No suposto de recursos que unicamente dependan da dotación de equipamento para seren postos en marcha, tampouco poderán ter recibido axudas financiadas con fondos EIE 2007-2013 para a construción da infraestrutura.

ACCIÓN E GASTOS SUBVENCIONABLES:

- a)Obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de atención á primeira infancia, así como obras novas de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios. Para os efectos desta orde consideraranse obras menores aquelas de escasa entidade, sinxeleza construtiva e pequena contía, que non precisan de proxecto técnico.
- b)Adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo.
- c)Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos (ordenador, encerado dixital, gravadoras, cámaras de vídeo e similares) para a integración das novas tecnoloxías na aula.

CUANTÍA DA AXUDA: Financiarase ata o 100 % do investimento subvencionable e unha contía máxima por cada centro de 20.000 euros, para as actuacións destinadas á realización de obras, e de 15.000 euros para as destinadas á compra de equipamento e mais á integración das novas tecnoloxías na aula.

Cada concello poderá percibir unha axuda máxima de 35.000 euros, con independencia do número de centros para os cales presente solicitude.

MELLORAS SOLICITADAS E ORZAMENTO :

ADQUISICIÓN E MELLORA DO EQUIPAMENTO EIM O REVEL	
- Mobiliario	5.239,12 €
- Material didáctico e de xogo para o desenvolvemento psicomotor	1.755,77 €
- Material didáctico e de xogo para o desenvolvemento da psicomotricidade fina	275,64 €
- Material didáctico e de xogo: quebracabezas	256,96 €
- Material didáctico e de xogo para o desenvolvemento da sensibilidade	20,80 €
- Material para o xogo simbólico	915,32 €
- Material didáctico e de xogo para a adquisición de hábitos	195,50 €
ADQUISICIÓN E MELLORA DO EQUIPAMENTO EIM O TOMBO	1.235,18 €
- Mobiliario	1.256,05 €
- Material didáctico e de xogo para o desenvolvemento psicomotor	
- Material didáctico e de xogo para o control de esfínteres e xogos de construción	77,37 €
- Material para o xogo simbólico	271,82 €
- Material didáctico para o desenvolvemento da linguaxe e temas transversais	60,50 €
- Material didáctico e de xogo para a adquisición de hábitos	80,74 €
- Material didáctico e de xogo para o recoñecemento da propia imaxe	97,68 €
TOTAL	11.738,45 €

OBRAS MENORES/MELLORA INFRAESTRUCTURA	
- Instalación de mobiliario delimitador na EIM O Revel	5.040,19 €
- Instalación de estrutura de aluminio soldado e cubrición para patio na EIM O Tombo	12.958,86 €
TOTAL	17.999,05 €

IMPORTE TOTAL DA AXUDA SOLICITADA: 29.737,50 €.-----

5º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 22 de setembro de 2016 sobre esta proposta.

Ao non se producir intervencións, o Sr. Presidente someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: elixir a D. Ignacio Hidalgo Crespo como xuíz de paz substituto de Sanxenxo por considerarse o candidato máis idóneo por titulación e méritos.

SEGUNDO: remitir certificación deste acordo ao Xulgado de 1ª Instancia e Instrución de Cambados e copia do expediente completo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dando cumprimento ao artigo 101.3 da Lei orgánica do poder xudicial.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 30/08/16 (R. ENTRADA Nº 9.167) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON DATA DO 26/08/16 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O ORZAMENTO DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 30 de agosto de 2016, rexistrado de entrada co número 9.167, que a continuación se transcribe literalmente:

“En cumprimento do disposto na Lei reguladora das facendas locais, sobre remisión da aprobación do orzamento definitivo da anualidade, aos organismos correspondentes, con data 26.08.16, procedeuse a efectuar a remisión, vía telemática, ao Ministerio de facenda e administracións públicas dos datos correspondentes ao orzamento do ano 2016. Sanxenxo, 30 de agosto de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 86 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 86, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 32, 33, 35, 37, 38, 40, 41, 42, 43, 44, 52, 55, 56, 58, 60, 61, 63, 64, 65, 66, 67, 72, 74, 78 e 81 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 14/09/16 (R. ENTRADA Nº 9.690) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE CON ESA DATA SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA 2017. O Sr. Secretario indica que está a

disposición dos membros da Corporación o escrito do **Sr. Interventor**, de 14 de setembro de 2016, rexistrado de entrada co número 9.690, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 14.09.16 remitíronse ao Ministerio de facenda e administracións públicas as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2017.

En virtude do disposto na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, achégaselle copia das mesmas para a súa dación de conta do Pleno da Corporación. Sanxenxo, 14 de setembro de 2016”.

Adxunto a este escrito figuran 16 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 16, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11 e 12 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 1 AO 29 DE XULLO DE 2016 (DA RES. Nº 917/16 Á RES Nº 1.068/16). O **Sr. Presidente** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 01 ao 29 de xullo de 2016**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, preguntou porque tan só se deu conta das resolucións do mes de xullo.

O **Sr. Secretario** contestou que debido a vacacións e baixas do persoal só deu tempo a recompilar as resolucións do mes de xullo, pero que esperaba que, para a vindeira sesión ordinaria, se poñería ao día a posta en coñecemento das resolucións.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓN S:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A REBAIXA DO IBI (R. DE ENTRADA Nº 10.016, DO 23/09/16). O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Marcos Guisasola Padín, voceiro do GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE SANXENXO, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno do Concello a seguinte

MOCIÓN PARA A REBAIXA DO IBI

O pasado 30 de maio o GMPP levou ao pleno do Concello de Sanxenxo unha moción solicitando unha “rebaixa do IBI”, e nela instabamos ao goberno a:

-Iniciar de forma urxente o expediente para a modificación da ordenanza fiscal do IBI e que se proceda a unha valoración por parte dos servizos técnicos de intervención do Concello para que, nun prazo máximo de 3 meses, desde este pleno, se poida debater e fixar o novo tipo para o ano 2017, así como as bonificacións a incluír.

-Estudar a posibilidade da aprobación dunha bonificación que permita axudas de ata un 50% sobre o importe da cota íntegra do IBI para o ano 2017, correspondente á vivenda habitual de aquelas persoas que sexan suxeitos pasivos de dito imposto e que estean empadroadas en Sanxenxo.

O obxectivo que perseguía dita moción era o de deixar claro que as condicións coas que se aprobara o imposto sobre bens inmoables cambiaran, e que nos atopabamos ante un contexto que facilitaría o poder realizar unha modificación no mesmo.

O resultado da votación da moción presentada foi de 9 votos a favor (Grupo Municipal do Partido Popular e o Concelleiro Independente) e 8 en contra do goberno tripartito. En consecuencia, a moción prosperou, polo que comezaron a transcorrer os tres meses aos que facía mención o texto aprobado.

Dito prazo rematou o 31 de agosto, e logo de non ter constancia de que o goberno local fixera algo en relación a este tema, estamos en condicións de afirmar, unha vez máis, que este goberno non fai os seus deberes. É por isto, polo que queremos recordarlles que a execución dos acordos plenarios é unha obriga legal e un exercicio de responsabilidade política.

No ano 2014, o goberno do Partido Popular aprobou unha redución do 20% do IBI, pasando o gravame do 0,60 ao 0,48. O actual Grupo Municipal do Partido Popular comprometeuse para a presente lexislatura 2015-2019 a unha rebaixa do imposto ata o 0,40, que é o mínimo que establece a lei. Para conseguir dito obxectivo é necesaria unha redución do 17%, que nós propoñemos dividir en dúas partes: un 10% para o ano 2017 e o 7% restante para o ano 2018.

Despois de que o goberno tripartito informara da existencia de máis dun millón de euros de superávit nas arcas do Concello, consideramos que estamos no momento de aplicar o primeiro tramo da rebaixa do 10% para o ano 2017. Así como tamén de aprobar as bonificacións que establece o artigo 74 da Lei de Facendas Locais que beneficiaría a familias numerosas e vivendas que non contan con tódolos servizos públicos, tal e como xa propoñiamos na moción de maio.

Para poder aplicar o novo tipo impositivo é necesario aprobalo polo Pleno no mes de outubro, polo que volvemos solicitar que se elaboren por parte dos servizos técnicos municipais os informes para aprobar no pleno unha rebaixa do 10% do IBI para o ano 2017, que como dicíamos no parágrafo anterior sería o primeiro tramo do 17% que é posible baixar ao longo da lexislatura, quedando así outra rebaixa do 7% para aplicalo no ano 2018.

A aprobación desta moción vai significar un alivio económico para os nosos veciños e tamén para a actividade comercial e económica de Sanxenxo.

Por todo o anteriormente exposto, instamos ao goberno a:

- Levar a Pleno no vindeiro mes de outubro unha rebaixa do 10% do tipo de gravame do IBI, pasando así dun 0,48% a un 0,43% para o ano 2017.
- Incluír na ordenanza do IBI unha redución mínima do 50% das Bonificacións Potestativas, segundo o artigo 74 da Lei 16/2012. Sanxenxo, a 23 de setembro de 2016."

O **Sr. Guisasola Padín** xustificou a urxencia da moción porque era necesario publicar o acordo antes do 31 de decembro do 2016, para que entre en vigor o ano vindeiro, polo que o acordo tiña que tomarse en outubro.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, considerou a moción urxente.

O **Sr. Alcalde** indicou que votarían a favor da urxencia.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Guisasola Padín** explicou que a existencia dun superávit dun millón de euros, grazas a xestión do goberno anterior, permite unha rebaixa do tipo do 10%, engadindo que eran responsables e coherentes co que dixeron na campaña electoral e que a baixada podía supoñer uns 600.000 euros.

O **Sr. Agís Balboa** dixo que votaría a favor da moción, posto que xa presentou unha sobre o IBI neste concello e porque favorecería a moitas familias, tendo en conta a difícil situación na que se encontran.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que había dúas mocións presentadas e escritos da Plataforma Veciñal sobre este imposto, con notables diferenzas, posto que en ningún momento pedíase unha baixada lineal como a da moción, senón ter en conta as bonificacións que xa existían cando o PP gobernou en Sanxenxo, lembrando así mesmo que, logo de que o goberno do Sr. Rajoy incrementase o tipo de gravame ao 60%, non se baixou despois polo goberno municipal anterior ao 0,43 existente antes da subida aprobada polo goberno do estado. O interviniente precisou que as baixadas lineais son inxustas e afectan a propietarios de segunda residencia, vivendas embargadas por entidades bancarias ou empresas inmobiliarias que están esperando que suba o mercado e indicou que o pretendido por esta moción era mermar os ingresos do concello, impedindo que o goberno municipal faga actuacións, engadindo que xa está incoado o expediente para aplicar as bonificacións, pero non a baixada lineal, apelando neste senso ao **Sr. Agís Balboa**.

O **Sr. Guisasola Padín** especificou que o tipo de gravame aludido na anterior intervención era, na realidade o 0,46 e que pasar dun 0,60 ao 0,48 era una baixada. O interviniente dixo que eran responsables na moción, porque podían pedir baixar mais e non o fixeron e que prefería que o diñeiro estivese en mans dos veciños antes que no das administracións, acusando ao goberno municipal de non facer os deberes nin de saber xestionar, posto que todo seguía igual, a pesar de que, no acordo adoptado no mes de maio, xa pedían un informe, preguntando ao anterior interviniente se coñecía a contía da rebaixa e, finalmente, aludiu a que no peor momento da crise, do 2011 ao 2015, foron capaces de baixar o tipo, contra a opinión da entón oposición, aínda que o PSOE se os apoiou e a que as mocións son de obrigado cumprimento.

O **Sr. Agís Balboa** díxolle ao **Sr. Otero Domínguez** que votou en contra da moción que el presentou sobre o IBI e que en maio aprobouse unha moción sobre este imposto e ata agora non se fixo nada, a pesar de que o citado concelleiro cobra, engadindo que o IBI afecta a todo o mundo, que cando estaba no goberno tamén defendía isto e que se recortan os ingresos do concello, pero se amplían os das familias.

O **Sr. Otero Domínguez** aludiu a que baixar impostos e algo da dereita, non parecéndolle serio dicir que era mellor que o diñeiro estivese en mans da xente e non da administración, preguntando que pasaría no caso de que se demostrase que a moción non era viable, lembrando a estes efectos a existencia dun Plan de Axuste neste concello. O interviniente puntualizou que traerán a súa proposta a pleno e se o estipulado na moción non era viable, non se ían cinguir a ela, que a moción tiña medidas populistas, apoiadas en común polo PP e polo **Sr. Agís Balboa**, o que deste último non lle sorprende, referíndose, por último, a que podía traer un listado de mocións aprobadas en anteriores corporacións e que se deixaron nun caixón, o que era responsabilidade de quen gobernaba entón.

O **Sr. Alcalde** sinalou que a moción non contemplaba a realización dun informe económico financeiro para ver se era posible, contradicíndose coa anterior, que falaba de informes técnicos previos e indicou que era necesario saber se a rebaixa ía poñer en perigo o Plan de Axuste do concello, engadindo que votarán en contra ao faltar informes previos de Intervención e que lle parecía mentira que se redacte unha

moción nestes termos, cando o asinante foi Concelleiro de Economía.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, precisou que a moción sinala que a un pleno de outubro ten que traerse a rebaixa do IBI e, se o Interventor emite un informe contrario, xa verán o que se fai, engadindo que o Interventor non é o Director Financeiro do concello.

O **Sr. Agís Balboa** avogou porque o que se teña pensado facer, fágase.

O **Sr. Otero Domínguez** aclarou que ao Interventor correspóndelle fiscalizar os expedientes, realizar o seguimento do Plan de Axuste e os informes trimestrais sobre este que veñen ao Pleno, manifestando que van facer a proposta que crean conveniente que o Interventor informará e que non consideran xusta a rebaixa lineal.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA A VALORACIÓN DA INSTALACIÓN DE REDUCTORES DE VELOCIDADE E BANDAS TRANSVERSAIS NO TRAMO FINAL DA VG 4.1 EN A LANZADA (R. DE ENTRADA Nº 9.475, DO 08/09/16). A **Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“El Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo a través de su portavoz MARIA DÉL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ y al amparo del dispuesto en los artículos 91.4 y 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986) presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal la siguiente: **MOCIÓN**

El PSdeG-PSOE de Sanxenxo pone de manifiesto su preocupación por la actual situación de seguridad vial que existe en el tramo de la Vía Rápida VG 4.1 que une Sanxenxo y A Lanzada.

De hecho, en el año 2012 al PSdG-PSOE de Sanxenxo conocedor de que existía un proyecto de desdoblamiento de carriles para la Vía Rápida VG 4.1, instó a la Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a valorar la instalación de una medianera provisional que regule el tráfico y la velocidad mientras no se realizaran las obras de desdoblamiento que se han propuesto hacer.

Las obras del desdoble llevan un retraso importante, en la salida en la Lanzada ya se produjeron varios accidentes, dos de ellos en los últimos días, creemos que la colocación de reductores de velocidad y bandas transversales de alerta, pueden ayudar a conseguir una reducción en la velocidad y un aumento de la atención en la conducción, de esta forma, se transmite al conductor la necesidad de extremar la atención a las limitaciones previamente establecidas de prohibición de adelantamiento y de velocidad máxima de circulación ante la aproximación a un tramo en el que pudiera existir un riesgo viario superior al percibido subjetivamente.

Por todo ello, solicitamos al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente: **ACUERDO**

Instar a la Consellería de Infraestructuras e Vivenda que valore la instalación de reductores de velocidad y bandas transversales de alerta en el tramo final de la VG 4.1 en la Lanzada que pueden ayudar a conseguir una reducción en la velocidad y un aumento de la atención en la conducción mientras no se realicen las obras de desdoblamiento de la misma. En Sanxenxo, 05 de Septiembre de 2016.”

A **Sra. González-Haba Pérez** xustificou a urxencia da moción pola seguridade dos usuarios.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, aludiu a que votarían a favor da moción, pero pediu da poñente que se inclúa na parte dispositiva da mesma as palabras “así como aquelas outras medidas de seguridade que se consideren convenientes polos técnicos”.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Agís Balboa** sinalou que lle parecía ben a moción.

O **Sr. Alcalde** dixo que votarían a favor da moción.

A **Sra. González-Haba Pérez** aceptou a modificación proposta polo **Sr. Martín González**.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción, coa inclusión na parte dispositiva do texto “así como aquelas outras medidas de seguridade que se consideren convenientes polos técnicos”, sendo aprobada por unanimidade nos seguintes termos na súa parte dispositiva:**

“Instar á Consellería de Infraestructuras e Vivenda que valore a instalación de reductores de velocidade e bandas transversais de alerta, así como aquelas outras medidas de seguridade que se consideren convenientes polos técnicos, no tramo final da VG 4.1 en A Lanzada que poidan axudar a conseguir unha redución na velocidade e un aumento da atención na conducción mentres non se fagan as obras de desdoblamiento da mesma”.-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DE SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO DE POSTA EN VALOR DE 18 CASTROS NA PROVINCIA, ENTRE OS QUE ESTÁ O DA LANZADA (R. DE ENTRADA Nº 9.960, DO 22/09/16). A **Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“El Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo a través de su portavoz MARIA DEL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ y al amparo del dispuesto en los artículos 91.4 y 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986) presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal la siguiente: **MOCIÓN**

Solicitud al Ministerio de Fomento para el Cumplimiento del Protocolo de puesta en valor de 18 castros en la Provincia entre los que está el yacimiento de La Lanzada (Sanxenxo)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El día 15 de marzo del 2015 el Ministerio de Fomento y la Diputación de Pontevedra firmaron un protocolo de colaboración para la puesta en valor de 18 castros en la provincia de Pontevedra.

Según el protocolo de colaboración y los pliegos de prescripciones técnicas elaborados conjuntamente por ambas administraciones, la Diputación de Pontevedra llevaría a cabo las tareas de limpieza en los 18 yacimientos y obras de excavaciones en seis castros, entre ellos en el Castro de La Lanzada (Sanxenxo).

El Ministerio de Fomento, por su parte y según el protocolo, ejecutaría los trabajos de musealización, consolidación, restauración, accesibilidad y señalización de todos ellos.

A día de hoy la Diputación de Pontevedra ya ejecutó excavaciones en la Trega (A Guarda), en Castro Alobre (Vilagarcía) y en Mercado dos Moros (Valga), y está realizando excavaciones en el yacimiento de la Lanzada (Sanxenxo), cumpliendo, en todos los casos, el cronograma remitido en su momento al Ministerio.

Una vez finalizados los trabajos de excavación y gestionada la información recogida en campo, el Ministerio de Fomento tendría que tener iniciados ya los trabajos que le correspondían, lo que hasta el momento no sucedió.

Ante esta situación, son los propios arqueólogos de la Diputación los que recomiendan que no se excaven más castros hasta que el gobierno empiece a trabajar en las consolidaciones de los ya excavados, puesto que la inacción de esta administración, por no actuar con celeridad en la protección y consolidación, provocará un importante deterioro de los mismos.

A día de hoy, la Diputación de Pontevedra lleva ejecutado más del 50% del presupuesto del protocolo, mientras que Ministerio de fomento, tan sólo lleva adjudicado el contrato para la realización de los proyectos de actuación en los castros, lo que supone un 0,6% del presupuesto comprometido.

El Ministerio ni siquiera firmó el contrato con la empresa redactora de los proyectos y acumula un retraso en la tramitación de más de 8 meses de acuerdo al cronograma aprobado por ambas administraciones.

Es evidente que, es el Ministerio de Fomento el que está retrasando de forma intencionada las actuaciones en el Castro de La Lanzada (Sanxenxo) al mostrar una absoluta desidia en la tramitación del expediente administrativo que se precisa para iniciar las labores de consolidación del mismo.

Por todo ello, el Grupo Municipal Socialista presenta al Pleno la siguiente: MOCIÓN

Instar al Ministerio de Fomento a que, de forma inmediata, firme el contrato con la empresa adjudicataria de los trabajos de musealización, consolidación, restauración, accesibilidad y señalización de los 18 castros incluidos en el protocolo firmado con la Diputación de Pontevedra, para que esta pueda iniciar las labores establecidas en el Yacimiento de La Lanzada (Sanxenxo).”

A Sra. González-Haba Pérez xustificou a urxencia da moción porque ultimamente se están a realizar importantes achados e era conveniente que as actuacións a realizar se fagan dunha maneira regrada.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Martínez González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que votarían a favor da moción se se retiraba da exposición de motivos a expresión “de forma intencionada”.

A **Sra. González-Haba Pérez** aceptou a modificación proposta polo **Sr. Martín González**.

O **Sr. Martínez González** recordou a situación na que se encontraba o goberno estatal e engadiu que o non haber un goberno forte, podía influír na execución dos traballos.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, indicou que ía votar a favor, xa que lle parecía interesante que estes traballos estean regrados.

O **Sr. Alcalde** avogou porque se cumprise o convenio asinado e que non se produzan atrasos, sinalando que a falta de goberno podía incidir neste aspecto.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción,**

coa retirada na exposición de motivos da expresión “de forma intencionada”, sendo aprobada por unanimidade nos termos antes transcritos na súa parte dispositiva.-----

Sendo as vinte unha horas e cincuenta e cinco minutos se ausenta da sesión o Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

4º) MOCIÓN DE ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA, CONCELEIRO NON ADSCRITO, PARA HABILITAR CARRÍS BICI E PARKING PARA BICICLETAS EN VARIAS ZONAS DO CONCELLO (R. DE ENTRADA Nº 9.878 DO 20/09/16). O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 26 de Setembro de 2016, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN PARA HABILITAR CARRÍS-BICI E PARKING PARA BICICLETAS EN VARIAS ZONAS DO CONCELLO

O concello de Sanxenxo é moi coñecido polo seu turismo e as súas praias sen embargo, cando falamos de usar un transporte alternativo, que non contamina e é bo para a saúde, tal como a bicicleta, entón neste concello saltan as alarmas. Temos en Portonovo ó longo da praia de Baltar apenas uns centos de metros habilitados con carril bici, e para de contar. Moita xente usa a bici pero é perigoso porque como ben sabemos, ou vas polos camiños, ou na xungla do asfalto a túa vida pode correr perigo.

Sanxenxo, sobre todo no verán, é un colapso de tráfico debido a unha mala planificación urbanística do pasado, ós miles de turistas que nos visitan e por suposto a falta de aparcamento. Por certo, que pasou co parking da Praza do Mar? Abrirase algún día ou Portos di que non?.... Tamén inflúe e moito a mentalidade de querer ir co coche a todas partes, o máis preto posible do comercio de turno, da casa. Sen embargo, isto non é así noutros países onde o uso de bicicleta é esencial, onde teñen a infraestructura, educación, parking,.....adecuados para facer uso da bicicleta a diario como medio de transporte e non só como un vehículo de paseo.

Fai uns días estiven en Groningen e Amsterdam por temas de traballo. O centro destas cidades estaba case vairo de coches. Hai miles e miles de bicicletas, carrís-bici e parking para bicicletas en todos lados, ademais dun bo transporte público. Un pregúntase, por qué aquí non se fai ou intenta polo menos fomentar o uso de transportes alternativos, menos contaminantes, máis baratos....como o da bicicleta? O que está claro é que nos Países Baixos os impostos polo menos vense revertidos nos cidadáns, en mellorar as infraestructuras,.....mentres aquí parece só se usan para pagar deudas, malgastase, sobresoldos,.....etc.

A día de hoxe estase a arreglar un cacho da PO-308 na zona da Lanzada, si onde apareceu Cornelia, onde o conflito do deslinde co Grove, onde hai hoteis, e esperemos carril bici!!! Ou ó final será un soño? outra promesa incumprida? Por certo, contemplanse carril bici na urbanización da Av. Luis Rocafort? Se me da que pensamos en todo pero case nunca no futuro nin nas consecuencias de malas decisións a longo prazo.

Cando usamos o coche necesitamos sitios para aparcar. Cando usamos a bicicleta pasa o mesmo, sen embargo, ou amarras a bici a unha farola ou a unha árbore, ou vas apañado e non te podes despegar dela. A día de hoxe o carril bici por todo o concello vexo complicado, pero non no futuro. O que si é factible é prever a construción dos carrís-bici e tamén acondicionar diversas zonas onde os usuarios das bicicletas poidan estacionalas, protexidas contra o roubo e incluso, si é posible, das inclemencias do tempo.

De acordo co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes **ACORDOS**

- A partir de agora e de cara o futuro, o concello sempre terá en conta a posibilidade de construír carrís-bici cando acondicione, modifique ou repare as estradas existentes, ou cando pretenda abrir outras estradas novas. As partidas correspondentes para a construción dos carrís-bici irán incluídos nos presupostos de

ditas obras.

- Acondicionar zonas de aparcamento para bicis (onde sexa posible e según o informe correspondente), as cales poderán ser o aire libre e cubertas se fose posible, en varias zonas do concello de Sanxenxo. Elixir un tipo de mobilidario urbano para aparcar bicicletas seguro e que respecte o medio ambiente. Destinar a partida presupuestaria necesaria para crear varias destas zonas de aparcamento de cara os presupostos do 2017. Zonas de aparcamento propostas: todas as casas de cultura, colexios, pavillóns e centros médicos do concello; praias (Areas, Baltar, Canelas, Montalvo, Lanzada, Silgar,...); prazas de abastos de Sanxenxo e Portonovo; Porto de Sanxenxo cerca do Banco Santander na praza de Portugal, Porto de Portonovo preto da Lonxa; calle Coruña do paseo de Silgar, Punta Vicaño, Parque do Espiñeiro, Praza de Vilalonga, etc.
- Instar as outras entidades públicas (Xunta, Deputación....) a facelo mesmo, e decir, a que teñan en conta o carril bicicleta e zonas de aparcamento para bicicletas cando programen a construción de novas estradas, parques, etc. Isto potenciará o uso da bicicleta como un transporte alternativo menos contaminante e saudable. Sanxenxo, a 20 Setembro de 2016.”

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia da moción porque moita xente vai en bicicleta con perigo, ao non existir un carril para elas, sendo mellor previr que lamentar.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros da Corporación presentes.**

O **Sr. Agís Balboa** repetiu o manifestado anteriormente e na moción, destacando que era un tema esencial por motivos de seguridade

Sendo as vinte e dúas horas e dous minutos incorpórase novamente á sesión o Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, anunciou que votarían a favor, se ben é certo que existen prioridades e que había que mirar como se podía facer, citando estradas, como a que vai a Vilalonga, onde habería sitio bastante para o carril, finalizando a súa intervención para dicir que o poder aparcar as bicicletas é prioritario.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que estaba de acordo na filosofía de promover un maior uso da bicicleta, como a de facer mais sendas peonís, pero non todos os proxectos son compatibles como para cumprir estas necesidades e lembrou que se está a redactar o proxecto da Rúa Progreso, onde sería case imposible executar un carril bici, porque querer non sempre é poder, ademais de que sería custoso e neste momento existen outras prioridades. O interveniente expuxo que a moción tamén determina e concreta zonas de aparcadoiro, indicando que se podería modificar neste senso, porque estando de acordo coa súa filosofía os acordos serían imposibles de executar tal e como están expostos.

O **Sr. Agís Balboa** explicou que o pedido é que, se se pode, nas obras que se fagan se contemple este tipo de carrís, matizando que cría que tampouco serían tan caros os aparcadoiros e que lle entristecía que non se contemplasen na estrada da Lanzada, da Xunta de Galicia e que o goberno municipal tampouco faga nada.

O **Sr. Alcalde** manifestou que estaba de acordo co sentido da moción, pero a concreción dos lugares non lle permitían votala a favor, senón absterse, agás que o poñente aceptase modificala para incluír no primeiro acordo, as palabras “na medida do posible” e, no segundo acordo, que as zonas de aparcadoiro só

sexan como exemplo.

O Sr. Agís Balboa dixo que aceptaba as modificacións propostas polo anterior interveniente.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a votación a moción, coa inclusión na parte dispositiva do texto, no primeiro parágrafo, na primeira liña e a continuación da palabra futuro, da expresión “na medida do posible” e no segundo parágrafo, a continuación de 2017, do seguinte texto “Poñendo como exemplo de zonas de aparcamento posibles, as seguintes”, que substitúe ao texto literal da moción que era “Zonas de aparcamento propostas”, sendo aprobada por unanimidade nos seguintes termos na súa parte dispositiva:

- A partir de agora e de cara o futuro, na medida do posible, o concello sempre terá en conta a posibilidade de construír carrís-bici cando acondicione, modifique ou repare as estradas existentes, ou cando pretenda abrir outras estradas novas. As partidas correspondentes para a construción dos carrís-bici irán incluídos nos presupostos de ditas obras.
- Acondicionar zonas de aparcamento para bicis (onde sexa posible e según o informe correspondente), as cales poderán ser o aire libre e cubertas se fose posible, en varias zonas do concello de Sanxenxo. Elixir un tipo de mobilidario urbano para aparcar bicicletas seguro e que respecte o medio ambiente. Destinar a partida presupuestaria necesaria para crear varias destas zonas de aparcamento de cara os presupostos do 2017. Poñendo como exemplo de zonas de aparcamento posibles, as seguintes: todas as casas de cultura, colexios, pavillóns e centros médicos do concello; praias (Areas, Baltar, Canelas, Montalvo, Lanzada, Silgar,...); prazas de abastos de Sanxenxo e Portonovo; Porto de Sanxenxo cerca do Banco Santander na praza de Portugal, Porto de Portonovo preto da Lonxa; calle Coruña do paseo de Silgar, Punta Vicaño, Parque do Espiñeiro, Praza de Vilalonga, etc.
- Instar as outras entidades públicas (Xunta, Deputación....) a facelo mesmo, e dicir, a que teñan en conta o carril bicicleta e zonas de aparcamento para bicicletas cando programen a construción de novas estradas, parques, etc. Isto potenciará o uso da bicicleta como un transporte alternativo menos contaminante e saudable. Sanxenxo, a 20 Setembro de 2016.”-----

5º) MOCIÓN DE ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA, CONCELEIRO NON ADSCRITO, PARA REPARAR O PAVILLÓN DE BALTAR (R. DE ENTRADA Nº 10.046, DO 23/09/16). O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 26 de Setembro de 2016, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN PARA REPARAR O PAVILLÓN DE BALTAR

O concello dispón de varias instalacións deportivas para a práctica de certos deportes, as cales, aparte de construílas necesitan un mantemento. Sen embargo, algunhas están nun estado deplorable debido ó abandono por parte do concello, exemplo: O Pavillón Polideportivo de Baltar. Este pavillón necesita de maneira urxente unha reparación a fondo. A deixadez fixo que non houbera supervisión das instalacións como debería e agora os problemas son graves.

O principal é que debido a humidade a pista vóltase resbaladiza, e desta maneira, o piso húmido fai impracticable calquer deporte. Un dos problemas é que hai tres ventiladores colocados a varios metros de altitude destinados a mover o aire e secar a pista. Os tres ventiladores sacan aire hacia afora pero ningún mete aire hacia adentro para xerar unha corrente. Según me informaron poderíase cambiar o sentido as aspas, pero isto deberá análizalo un técnico. Os ventiladores xeneran unha corrente de aire porque abren as portas principais que están no pavillón no lado contrario os ventiladores. Isto permite a entrada de aire no pavillón que

logo volta a sair a través dos tres ventiladores. Isto xenera unha corrente (sobre todo no inverno) a cal entra toda de fora polas portas e ten que cruzala pista para voltar a sair polo outro lado onde están os ventiladores. Polo cal a pista mollase, así como se soe decir: é peor o remedio ca enfermidade.

Ademáis hai que parchear a pista nalgún sitio, repoñer os anclaxes das porterías, fai falta algún pintado, arreglar algunha porta e solucionar algún problema de humidades nalgunha parede, evitar que entren páxaros no pavillón, etc.

Recordemos que neste pavillón entrenan e xogan polo menos: 2 equipos de volleyball, 7 equipos de fútbol sala e 3 de baloncesto de nenos/as, algún equipo de fútbol sala e baloncesto de maiores. O equipo do Club Fútbol Sanxenxo usa o ximnasio, e na sala de aerobio fan actividades extraescolares, zumba, baile moderno, etc.

De acordo co anterior, sométese á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Facer un informe completo sobre o estado do pavillón e das súas instalacións.
- Según o resultado do informe destinar a partida presupuestaria necesaria para reparar e acondicionar o Pavillón Polideportivo de Baltar. Entre outras cousas deberase:
 1. Solucionar o problema dos 3 ventiladores ou extractores de aire do pavillón e a humidade da pista. Isto é prioritario e urxente.
 2. Parchear a pista de xogo que está levantada ou rota en algunhas zonas (aprox. 4 ou 5).
 3. Poñer anclaxes novos para as porterías (aprox. 6)
 4. Pintar as liñas que marcan a pista de baloncesto, etc. Nalgúns casos non se ven.
 5. Para que non entren páxaros no pavillón poñer unha rexilla ou algo que impida a súa entrada (entran por ocos que hai ó longo do pavillón entre o teito e as paredes).
 6. Pintar e arreglar humidades en varias paredes na zona da pista, vestiarios, ximnasio e sala de aerobio.
 7. Arreglar algunha porta que está rota nos vestiarios e cambiar fechaduras que non funcionan.
 8. Recolocar no salón dos espellos (ou do aerobio) varias planchas do falso teito que están movidas.
 9. Poñer na zona da pista e en algunha sala tapas cegas de enchufes, etc. Están os cables a vista e isto é perigoso.
 10. Un foco fluorescente na sala de aerobio bastante grande está medio descolgado, polo tanto arreglalo.
 11. Na zona da entrada falta unha tapa da boca de riego dos bombeiros.
 12. Reparar as farolas (so encenden as veces) e luces da entrada (unha roubarona, outra fundida e as dúas que quedan non as encenden porque salta o automático).
 13. Reparar o que poida xurdir e non está nesta lista. Sanxenxo, a 23 Setembro de 2016.”

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia da moción polo estado perigoso e incómodo do pavillón.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Agís Balboa** destacou que o pavillón debe arranxarse, xa que o utiliza moita xente, precisando que os ventiladores están así desde que se fixo a instalación e as veces non se pode xogar.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que votarían a favor da moción, posto que o pavillón leva moito tempo mal e aínda que o arranxo suporía unha partida importante, débense comezar as reparacións pouco a pouco, sendo o mais importante facer o proxecto correspondente.

O **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que se estaban tratando de arranxar as cuestións mais urxentes, engadindo que todos saben o que hai que facer, como o poñente da moción o sabía respecto das casas de cultura, cando formaba parte do goberno

municipal.

O **Sr. Agís Balboa** resaltou que para as casas de cultura houbo que moverse a última hora para non quedarse sen diñeiro.

O **Sr. Sueiro Méndez**, aínda que se mostrou de acordo coa realización das reparacións, destacou que a moción, tal e como estaba plantexada, era incongruente, posto que pide un informe e logo precisa os arranxos a facer, cando primeiro os técnicos debían facer o informe coas actuacións necesarias e despois facelas.

O **Sr. Agís Balboa** aludiu a que solicitaba que se fixera o informe e logo destacaba algunhas pinceladas, pero o importante é que se faga o arranxo, porque ao goberno municipal todo lle parece ben, pero non fan nada.

O **Sr. Sueiro Méndez** dixo que se intentaría realizar a reparación a través da Deputación e contando coas diversas asociacións.

O **Sr. Alcalde** sinalou que estaba de acordo en realizar as reparacións, pero tal e como se redactou a moción ían votar en contra, posto que primeiro había que facer o informe, e se está a traballar niso, e logo realizar as reparacións, non estando de acordo en que o poñente da moción actuase como técnico.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos pola Abstención: 0.

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.**-----

ROGOS:

-O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao seguinte escrito que se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, **eleva ao Pleno da Corporación do 26 de Setembro de 2016, os seguintes rogos:**

ROGO 1:

A Festa da Raia estivo de nos medios fai uns meses cando eu levaba a Concellería de Cultura, Festexos e Xuventude. Daquela consensuouse entre o grupo de goberno unha cantidade de aproximadamente 20.000 euros, a metade do presuposto anterior, para facela festa (vostedes logo decían que non, o cal xa dí moito da traición e puñalada pola espalda como se soe decir). Pedíronse proxectos, discutíronse.....e o final xa sabedes o que pasou: non se fixo a festa, pero fariase en setembro. O señor alcalde no pleno do 4 de abril deste ano a petición de varios colectivos de Portonovo e incluso cunha moción presentada polo PP, comprometéuse a facela aquí diante miña e de moitos aquí presentes.

O Sr. Pita que non falara nin saíra a palestra nas semáns de críticas e tensións, nas cales o único que díu a cara fun eu (si Sr. Pita, si eu, vostede e os demais esconderonse como é habitual en vostedes cando hai problemas, agora, pas fotos están en todas). Según vostede non tiña que decir nada porque para saír e decir o mesmo ca min non facía falla, claro que bonito é que as “ostias” as leve outro non? Así fai vostede, un lobo con pel de ovella?. Pois ese día falou e comprometeuse a facela festa da Raia.

Fai uns días saíu na prensa que non a farían. A decisión seica a tomaron vostedes e o concelleiro de Festas que dixo seica pola “veda da raia”. Unha cousa curiosa é que ista decisión non produciu tanto revuelo entre os veciños como fai uns meses onde a festa da raia tivo varios titulares de prensa. Por outro lado, qué pensaba o Sr. concelleiro pescar a Raia o día antes da festa?. Normalmente comprábase e conxelábase pois houbo anos de comprar miles de Kgs. O que me pregunto e se isa é a escusa para non facela, por problemas de financiación, ou porque non se fixo nada ata agora e claro o tempo botouse enriba?.

Polo tanto, rogolle o Sr. Alcalde e resto do grupo de goberno que den a cara para o bó e para o malo tamén, que non todo sexan fotos, que non se acomoden nos sillóns e que traballen máis e mellor. Cando prometa algo deste calibre Sr. Alcalde, trate de cumprilo. Deixe de poñer escusas baratas para non facer as cousas porque a xente de Sanxenxo é máis lista do que vostede pensa, e xogar o escondite non é o que ten que facer.

ROGO 2:

Rogolle o Sr. Alcalde e o Grupo de Goberno que as peticións que se fan por rexistro de calquer veciño/a as atendan nos tempos estipulados pola ley xa que nalgúns casos pasan meses sen resposta (eu teño varias sen resposta a día de hoxe, algunha de hai meses). O mesmo co cumprimento nas mocións aprobadas en pleno que son de “Obrigado Cumprimento” e parece que non se cumpre nin a primeira. Qué pasa non as van levar a cabo (ex: moción aprobada para grabar os plenos e retrasmítalos, proxector, pantalla...)? Entón, para qué está o pleno, as maiorías e a ley? Pasarana polo forro como se soe decir? Polo tanto, por favor, fagan o que deben facer, e decir, traballar por e para os veciños/as deste concello, senón é que non merecen estar onde están.

ROGO 3:

Sr. Alcalde e Grupo de Goberno. Vostede Sr. Alcalde non foi elixido nas urnas por maioría, senón porque varios grupos, incluído eu, decidimos que así fose. Eu deixei o meu cargo fai uns meses porque como xa expliquei se quere torear, fágase torero, e se quere tomarlle o pelo será a outro, pero non a min. O fixo unha vez, pero non máis. Incumpliron o pacto de goberno (non auditorías, plan concellos, presupostos tarde mal e correndo...), nada de respecto, falta de transparencia total (Eu fun o único que publicou as contas da concellería. Por qué non se graban os plenos si se aprobou nunha moción?), e por suposto falta de participación. Haberá colectivos ou veciños contentos con vostedes, pero lles aseguro hai moitos que non o están. Entre eles eu a día de hoxe.

Este verano foi de record en canto afluencia de xente, polo clima Sr. Alcalde, non pola súa xestión. Sen embargo, os problemas de seguridade, falta policía, socorristas, Praza do Mar sen parking, camiños que dan pena,...moitas cousas que para vostedes parece non son importantes porque so lles interesan as fotos me parece a min. Aínda que algún dos seus compañeiros creo aínda lle gustan máis.

Falaban e falan de Grupo de Goberno, dígame que grupo? Eu non o vexo e deixei de velo ós poucos meses de entrar no goberno. Iste foi entre outros un dos motivos polos que deixei o grupo de goberno. Din as malas linguas que vostede non manda, que o fai o Sr. Otero, e que hai guerras internas. A Sra Coral téñena desprazada como cando eu estaba, as cousas non melloraron. Iso é un grave problema, pola inestabilidade e falta de eficiencia do goberno. Parece que os sillóns son máis importantes que a xestión e o traballo polos veciños. O peor é non responder as necesidades de moitos veciños do concello, a xestión parece non se lles da ben en moitos casos, e isto do concello penso as veces que se lles queda un pouco grande. Para vostedes todo é culpa do PP, do plan de axuste, que non hai cartos,...e vostedes, non fan nada mal ou cree que son perfectos Sr. Alcalde?

Polo tanto, rogolle que se poñan as pilas, que fagan o que deben facer como gobernantes que é traballar máis. “Menos samba e máis traballar”. Menos cafecitos e cervecitas, menos fotos e perdelo tempo. Senón, así yo digo de clariño, aquí e agora, como se lle puseo aí e se lle deu o bastón de mando, tamen se lle pode quitar a vostede e a súa cuadrilla. Sei o que dixen no pasado se por aí me vai saír, pero se da a casualidade que eu Sr. Pita non me casei con vostede nin con naide aquí. O único

que quero é o mellor para Sanxenxo, e se vostedes seguén sen xestionar, dialogar, e pensando poden facer o lles veña en gana como si tiveran a maioría, e para colmo ríndose dos demais e menospreciandos, entón van mal.

Eu so lles pedín diálogo coa oposición cando deixei o seu grupo, e ata o día de hoxe non o houbo. Sei que igual mo toman a broma, aínda que algún agora mesmo está pegado o sillón como unha lapa se me da a min, pero meu consello é que non o fagan. Avisados quedan todos, pois como ben sabe non bromeo con estas cousas Sr. Alcalde e Grupo de Goberno. Sanxenxo, a 26 Setembro de 2016.”

PREGUNTAS:

- O Sr. Rea Pérez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, preguntou pola reparación da pista polideportiva de Bordóns. O Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, contestou que co concelleiro Sr. González Miniño viron a posibilidade de facer unha limpeza e mesmo instalar unha rede de paddle, se ben para poñer a pista en condicións, sería necesario un arranxo maior, para o que se deben ter en conta as prioridades.

-O Sr. Domínguez Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular sinalou que veciños de Noalla comentáronlle a necesidade do arranxo da pista que enlaza esa parroquia co Fabal e outras zonas, contestando o Sr. Alcalde que a situación era complicada porque houbo falta de mantemento durante anos e agora é necesario un bacheo e un asfaltado e, aínda que existe un plan para abordar actuacións prioritarias, non sabe se se poderán asfaltar todas.

-O Sr. Domínguez Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, lembrou que, xa no pleno de Xaneiro, preguntou como sendo Sanxenxo un referente turístico, podía ser que o alumeadado que hai na saída á vía rápida levase mais de seis meses sen que iluminase e agora a situación era peor, porque xa só iluminan dous focos, volvendo a preguntar sobre este tema. O Sr. González Miniño concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, contestou que era necesario emendar este problema e mesmo solicitou un presuposto, estando a espera de que lle aclaren de quen era a competencia, se do Concello ou da Xunta de Galicia.

-O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, **eleva ao Pleno da Corporación do 26 de Setembro de 2016, as seguintes preguntas:**

1.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio HERPI (HERmanos Pichel) na Av. León número 12 a 18 é unha mole de 8 plantas (30 metros de altura) que impide a vista a Praia Carabuxeira (ou o que queda dela) dende hai máis de 40 anos. Esta praia agora é un pedregal aparte de recibir vertidos de vez en cando. A pregunta é: ata cando seguirá así?

Como é posible que se fixera e se deixara facer o edificio HERPI? Seica houbo unha licenza de construción en 1971 denegada polo concello pero amparada pola Audencia Territorial de A Coruña, que obrigaba a deixar os baixos do edificio, con unha superficie de 585 metros, totalmente diáfanos. Cito: “lo que equivale a que deben mantense totalmente libres sin que pueda existir en los mismos ningún cristal, ni ningún otro tipo de cerramiento que impida las vistas al mar, a cambio de elevar hasta ocho las alturas del edificio”.

Un largo proceso de contenciosos para tirar o edificio e abrir os baixos comezou en 1978 e finaliza no 1998 cunha orde de derribo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que ratificou o Tribunal Supremo. Na orde especificase que se comezaría por abrir os baixos do edificio HERPI. A Xerencia de Urbanismo ala polo 2006 ía executar esta orde e abrir os baixos. Sen embargo, os baixos están pechados e de mala maneira, producindo entre outras cousas feísmo e sobre todo que non se cumpriu a orde de derribo e con elo impídese a

todos los veciños/as do disfrute das vistas a Praia Carabuxeira, Porto de Sanxenxo, etc.

PREGUNTA

Debido a que os baixos están cerrados, o edificio sigue en pé, e que os baixos cerrados dan una imaxen de abandono, etc. Cal é a situación legal de dito edificio e dos seus baixos, e por qué non se levou a cabo o derrube e non se abriron os baixos como dixeron os tribunais? Qué ten pensado facer o Grupo de Goberno ó respecto?"

O **Sr. Alcalde** contestou que descoñecía como estaba este procedemento e que o inquirinte podía ver o expediente no concello, intervindo entón o **Sr. Agís Balboa** para dicir que agardaba que se lle contestase na vindeira sesión plenaria.-----

-O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

"2.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O tramo da Av. León da estrada P0-308 que vai dende o mirador de Palacios ata a Florida ten moitas tapas das augas pluviais da rede de drenaxe na calzada. Isto causa ruidos e vibracións que molestan ó descanso dos veciños, produce grietas e incluso fai caer trozos de escaiola dos teitos de certas vivendas,...Isto foi denunciado por rexistro e varias veces ó concello por veciños da zona, e tamén a Policía Local e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia. Tamén sei que o Sr. Alcalde é coñecedor desta problemática xa dende Xuño do 2015, pero nunca lle dou resposta as denuncias presentadas ata o día de hoxe. O cal, dende o meu punto de vista, pareceume unha tomadura de pelo os veciños/as de Sanxenxo.

O único que piden os veciños e que se reparen as arquetas que están a producir tantas molestias. A falta de resposta por parte do concello é unha falta de respecto e por suposto sinala problemas de xestión deste goberno. Me pregunto: se o mesmo pasara na Lanzada, que se faría? tardaríase tanto? ou sería de resposta inmediata? Algún creo xa me entende.

E vostedes se preguntarán, se é unha estrada autonómica, qué pinta o concello en todo isto. Pois polo que sei hai un convenio de Colaboración entre a "Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o concello de Sanxenxo para a mellora da seguridade vial da C-550", subscrito no 2002. Neste convenio establécese "asumir unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a explotación, mantemento e conservación das beirarrúas e servizos na C-550, treitos: Meaño-A Revolta e Sanxenxo-A Granxa". Clarificar que a C-550 dividiuse en varios tramos, un é a P0-308.

PREGUNTA

Por qué o Sr. Alcalde non lle deu resposta a denuncia dos veciños e porque non se lles soluciona o problema das arquetas de augas pluviais na Av. León cando levan anos con este problema, e se reuniron con vostede polo menos en Xuño do 2015? Xa van sendo horas de responder, non cree? ou que pensa facer, nada?"

O **Sr. González Miniño concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, respondeu que está pendente de obter un orzamento para poder facer esta obra.-----

-O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

3.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

"A Feira de Artesanía de Portonovo comezou alá polo 18 de Xuño, un pouco tarde non creen? Pero aparte diste problema como tantos outros este verano, recordo que o Sr. Otero dixo nunha Xunta de Turismo en resposta a miña pregunta que a Feira de Artesanía só tiña permiso ata o 31 de Agosto e ese sería o último día, que había que cumprir coa legalidade, cumprir co contrato. Hai testigos nesta sala.

Esta feira xestinouse a través de Ínsula, empresa municipal que dirixe un Consello de Administración, no cal eu non estou a día de hoxe pero varios dos que están nesta sala si. Ínsula este ano ingresou moitos cartos que parte destináronse para pagar as festas de Portonovo, etc. Ínsula foi a empresa municipal encargada de sacar

a concurso e cobrar os cartos pola contratación a unha empresa para que montase e xestionase a Feira de Artesanía. Ínsula tiña un permiso de Costas para a ocupación do espacio e así montar as casetas.

O curioso é que a Feira de Artesanía continuou ata o fin de semana da concentración de motos como outros anos e acabou sobre o 11 de Setembro. As casetas terminaron de desmontarse polo 18-19 de Setembro. Seica vostedes lle notificaron que desmontaran e deberían facelo nos primeiros 5 días de Setembro. Pero non se fixo. Seica os artesán lle pediron a Costas ampliar os días da Feira pero isto ía suxeito a previa autorización do concello,

PREGUNTA

Si o contrato da Feria de Artesanía era ata o 31 de agosto. Por qué a Feira de Artesanía continuou ata o fin de semana das motos? Cómo foi isto posible, e quen e canto se recaudou por eses días extra?"

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, contestou que o período contratado era ata o 31 de agosto, coincidindo coa autorización de costas, se ben ante a demora producida na colocación das casetas, unha asociación sen ánimo de lucro solicitou unha nova autorización a costas e iso foi o que se produxo, sen que Insula realizase unha nova autorización, engadindo que polo tanto non se recadou nada a partir do período de vixencia citado, parecéndolle que tampouco costas percibiu mais.-----

-O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

"4.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como ben sabemos O.A. Terra de Sanxenxo ten un presuposto de varios millóns de euros, máis de 4 millóns. O Artigo 13 dos estatutos de O.A. Terra di "*O Consello de Administración se reunirá en sesión ordinaria unha vez ó semestre, e con carácter extraordinario, cando sexa convocado polo Presidente, por decisión propia ou a solicitude motivada da maioría dos seus membros*".

Fai uns meses comenteille a vostedes (máis dunha vez) de facer un consello de Administración pois xa pasará máis dun ano dende a celebración do último o 22 de Xaneiro do 2015. A resposta foi de pasividade e basicamente ata o 4 de abril que dimitín do meu cargo, non se fixera ningún. Pero polo que sei ata o día de hoxe tampouco fixeron ningún Consello de Administración de O.A Terra, e decir, levan 1 ano e 8 meses sen facer un Consello de Administración que debería facerse mínimo cada 6 meses, e decir, deberían ter feito polo menos 3 ata o día de hoxe, e non fixeron ningún.

PREGUNTA

¿Gustaríame saber por qué non se convocou ningún Consello de Administración de O.A. Terra dende o último do cal teño constancia celebrado o 22 de Xaneiro do 2015, e cales son os motivos que conlevaron o incumprimento dos estatutos de O.A. Terra? Parece que os estatutos se incumpriron reiteradas veces e a única razón que me ven a mente é a deixadez total. Sanxenxo, a 26 Setembro de 2016."

O Sr. Alcalde contestou que no citado organismo autónomo a maioría das competencias eran do Presidente e que a non celebración de Consellos de Administración non perturbou o funcionamento de Terra, indicando que non obstante procederase á convocatoria deste órgano.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e tres horas, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**